

Para os que pensan na Galicia (anti)bingüe | Xulián Maure Rivas



Coa forza do fento

A SINGULARIDADE LINGÜÍSTICA de Galicia xustifica

que a nosa Comunidade Autónoma non se chame Galicia-León. Dito doutra maneira: se non existise a lingua galega non se precisaría un presidente autonómico en Galicia. Segundo as táboas do INE sobre a poboación activa no cuarto trimestre de 2008, xuntando as provincias galegas e as tres leonesas, teríamos un total de 1.587.300 empregados e 186.100 parados. Moitos menos dos que ten que gobernar o presidente de Andalucía, onde se dobra o número de empregados e se multiplica por máis de catro o de parados. Un Goberno para atender as necesidades económicas de galegos e leoneses ben podería estar en Santiago, en Salamanca ou mesmo en Bruxelas.

Todos os galegos que somos bilingües, trilingües ou máis, sabemos castelán e tanto podemos gozar da literatura bilingüe de escritores como Rosalía, Lorca, ou Bieito Iglesias, como tamén aprender de columnistas monolingües tal Xavier Vence en galego ou Maruja Torres en castelán. Milleiros de autores, galegos ou casteláns, iluminan os nosos sentimentos e facilitannos a construción dun futuro dentro e máis alá das nosas fronteiras. Dannos pena os monolingües e non podemos imaxinar que ese sexa o porvir dos nosos netos.

O fenómeno de Galicia (anti)bingüe, que agromou hai pouco entre nós e foi aproveitado electoralmente, está alentado por monolingües casteláns

nativos ou por bilingües en retroceso, que coñeceron de pequenos a lingua galega, pero agora levan tempo sen practicala.

Estes galegos que non queren que os seus fillos aprendan a lingua dos seus avós, a lingua singular que xustifica un Parlamento e un Goberno propios, poden basearse nun sentimento dun certo imperialismo lingüístico; pero deberían analizar a historia e revisar con que futuro están soñando. Pode ser o sentimento de quen están afeitos a ver o desfile desde o palco das autoridades e protestan porque en Galicia están rematando os privilexios e a igualdade de oportunidades estalles obrigando a respectar a lingua materna que cada quen ten no seu cerebro.

Hai menos de cinco anos que o Parlamento Galego aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Normalización Lingüística. E todos contentos agás os que soñan con ter en Galicia fillos funcionarios ignorantes do galego. Ese soño antidemocrático non é pensable nos pobos europeos con situacións lingüísticas semellantes á nosa. En Holanda ou en Islandia, por exemplo, hai un dominio da lingua inglesa como en Galicia do castelán. Alí pode chegar un profesor de fóra e dar unha conferencia en inglés, pero é inconcibible que un funcionario non saiba holandés ou islandés respectivamente. Eles teñen un Estado certamente, pero na Europa do século XXI creo que non é pertinente esixir ter exército propio para poder usar en tódolos rexistros a lingua propia. Ten que ser suficiente con dispoñer dun Estado Autonómico.

Aínda que cada pobo é un caso e ten que construír o seu futuro coa súa propia historia, non ven mal achegarse á historia dos que xa teñen algo arranxado o seu problema lingüístico. Finlandia e Estonia, pobos pequenos con lingua propia coma nós, conseguiron repoiñerse fronte as linguas impostas e hoxe gozan dos primeiros postos no informe PISA 2006. Teñen os mellores alumnos do mundo. Son bilingües ou trilingües, pero a primeira lingua das súas escolas, das matemáticas e das ciencias son o finés e o estonio. Hai menos de cincuenta anos estes idiomas eran, como o galego, linguas de uso doméstico e de ámbito rural, mentres o sueco e o ruso dominaban os rexistros cultos e oficiais, como aquí o castelán. Moito teñen onde aprender os nosos responsables de política lingüística!

Con todo, queridos monolingües, tamén aquí hai mestres. A Galicia do futuro estana soñando en Burela con un plan de normalización municipal que propón un trilingüismo onde o galego e mailo castelán estean complementados con outra lingua de ámbito internacional.

Chapapote, piche ou asfalto poden botar os represores monolingües polas estradas galegas, pero a nosa lingua terminará furando cara arriba como o fento da foto, sen medo a quedar enterrada en vida. ●

